

# **NORMAS DE CONVIVENCIA E FUNCIONAMENTO**

**IES RAMÓN CABANILLAS  
CAMBADOS**





## PREÁMBULO

Este Regulamento ten por obxecto establecer as normas de convivencia entre os diferentes sectores que componen a comunidade educativa, completando e matizando as leis que sobre Dereitos e Deberes teñen os membros da mesma, en especial a Lei Orgánica 8/2013 do 3 de decembro de Educación, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), o Decreto 92/1988 do 9 de abril, polo que se regulan os Órganos de Goberno dos Centros Públicos de Ensino non Universitario, a Orde do 24 de xullo de 1991 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se regula a Organización das Actividades Docentes nos Centros de Bacharelato, Formación Profesional e Institutos de Educación Secundaria e Profesional, así como o Regulamento Orgánico dos Institutos de Ensino Secundario (Decreto 324/1996), a Orde de 1 de Agosto do 97 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, a Lei 4/2011 de Convivencia e o Decreto 8/2015 sobre convivencia.

## 1. ORGANIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

### 1.1. ALUMNADO

#### 1.1.1 DEREITOS

O alumnado ten **DEREITO**:

- a) A recibir unha formación que garanta o total desenrollo da súa personalidade.
- b) A non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas.
- c) Ao respecto da súa integridade física e moral e á súa dignidade persoal non podendo ser obxecto de trato vexatorio ou degradante.
- d) A que se lle subministren os medios precisos para poder facer un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe de xeito telemático, cando as circunstancias familiares non lle permitan contar con eses medios.
- e) A ser avaliado no seu rendemento escolar con plena obxectividade.

- f) A reclamar ao Departamento correspondente contra as cualificacións que, ao seu xuízo, atenten contra o punto anterior. Este dereito é extensible ás probas parciais.
- g) A solicitar do profesorado a revisión de exames parciais. Incluso se solicita a cortesía do Departamento implicado para dita revisión.
- h) Á orientación escolar e profesional co fin de acadar o máximo desenrolo persoal, social e profesional segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
- i) A que a súa actividade escolar se desenrole nas condicións debidas de seguridade e hixiene.
- j) Á reserva que o Centro debe gardar sobre as súas circunstancias persoais e familiares, salvo que se produza incumprimento das Leis de protección ao menor.
- l) A participar na vida e funcionamento do Centro.
- m) A elixir aos seus representantes no Consello Escolar e aos Delegados de Grupo.
- n) Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos dos demais membros da Comunidade Escolar.
- o) A manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos representantes do alumnado na forma establecida na normativa vixente.
- p) A utilizar as instalacións do Centro coas limitacións impostas polas actividades escolares (e extraescolares) e coas precaucións necesarias para a seguridade das persoas e a adecuada conservación dos recursos.
- q) A percibir protección social para compensar as carencias de xeito que non se vexa forzado ao abandono dos estudos.
- r) A asistencia médica e hospitalaria.
- s) A que se respecten os seus dereitos. Para iso, poderá recorrer ao órgano competente do Centro, que terá a obriga de esixir o cumprimento dos mesmos.
- t) Á reunión do alumnado e os seus representantes.
- u) A ser informados de todo aquilo que lles afecte.
- v) A que se lles facilite á Xunta de Delegados un espazo axeitado para que poidan celebrar as súas reunións, así como os medios e materiais necesarios para o seu correcto funcionamento.

## 1.1.2. DEBERES

*É DEBER do alumnado:*

- a) *Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenrolo segundo as súas capacidades.*
- b) *Asistir ás clases con puntualidade, sexan estas presenciais ou telemáticas.*
- c) *Cumprir e respectar os horarios marcados para as actividades do Centro.*
- d) *Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndo o como autoridade educativa do centro.*
- e) *Respectar o dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.*
- f) *Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.*
- g) *Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar, calquera que sexa o tipo de razón.*
- h) *Respectar o Proxecto Educativo de Centro, coa mención expresa das normas de convivencia, sinais de identidade e obxectivos educativos.*
- i) *Participar na vida e funcionamento do Centro.*
- j) *Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e instalacións, facéndose responsable de isto incluso economicamente. abonando o importe do material deteriorado.*
- h) *Respectar as pertenzas de todos os membros do Centro.*
- i) *Cursar todas as materias propias do seu nivel.*
- j) *Xustificar as faltas de asistencia. Para iso, disporá dun prazo de 3 días despois da súa incorporación ao Centro.*
- k) *Permanecer na aula á espera do profesorado.*
- l) *Ningún alumno/a poderá abandonar o recinto en horario escolar sen a autorización do profesorado de aula, de garda ou da Dirección.*
- m) *Acudir ao Centro correctamente vestido.*



## 1.2. OS PAÍS E NAIS

### 1.2.1. DEREITOS

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A ser oídos, nos termos previstos por esta norma, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
- c) Recibir sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipos directivo.
- d) Ser oídos cando haxa que tomar decisións sobre a permanencia, excepcionalmente, dunha segunda vez ao final dun ciclo ou curso distinto.
- e) Ser informados por escrito despois de cada sesión de avaliación sobre o aproveitamento académico e a evolución do proceso educativo do seu fillo/a.
- f) Ser informados por escrito sobre o resultado da avaliación final, incluíndo a decisión sobre a promoción ao ciclo ou curso seguinte.
- g) O pai e a nai poden ser electores e candidatos ao Consello Escolar.
- h) Recibir consello orientador cando o seu fillo/a rematen a ESO.
- i) Ser informados documentalmente ao inicio do curso de todo o referente aos horarios dos seus fillos/as, horas de titoría, criterios de avaliación, etc.

### 1.2.2. DEBERES

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro.
- b) Asumir a educación dos seus fillos/as dun xeito responsable
- c) Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e fazer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- d) Asistir ás reunións ou entrevistas que sexan concertadas polo titor ou titora dos seus fillos, polo Departamento de Orientación ou pola Dirección do Centro.

- e) Interesarse solicitando cita na hora que para tal fin ten asignada o titor/a para demandar información relativa á evolución académica e educativa en xeral do seu fillo/a.
- f) Ter en consideración o consello orientador que o titor/a do seu fillo/a emite unha vez rematada a ESO.
- g) Informar ao titor/a daquelas circunstancias que afecten ao normal desenvolvemento da escolarización do seu fillo/a.

## 1.3. PROFESORADO

### 1.3.1. DEREITOS

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

### 1.3.2. DEBERES

- a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente



*de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.*

*c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.*

*d) Informar ás nais e pais sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.*

*e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.*

## **1.4. PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS**

### **1.4.1. DEREITOS**

*a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.*

*b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.*

*c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.*

*d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.*

*e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei.*

### **1.4.2. DEBERES**

*a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.*

*b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.*

*c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.*

*d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.*

## **2. FUNCIONAMENTO INTERNO**

### **2.1. ASISTENCIA E PUNTUALIDADE**

*Todos os membros da comunidade escolar deben respectar os horarios das actividades establecidas, así como cumplir con puntualidade as súas obrigacións. A puntualidade no caso de actividades presenciais no centro virá marcada pola serea exterior e polos timbres dos corredores e sala do profesorado, no caso do ensino telemático estará marcada polo que figura nos distintos horarios establecidos. A Xefatura de Estudos velará de forma especial polo cumprimento da puntualidade. Só serán xustificadas as faltas de asistencia:*

*a) por enfermidade, que será acreditada documentalmente por certificación médica oficial nun prazo de 3 días,*

*b) outros casos, (falecemento ou enfermidade grave dun familiar, deber inescusable, etc...) tamén deberá presentarse xustificación por escrito;*

*c) nas demais faltas de asistencia terase en conta a súa reiteración quedando a súa xustificación ó arbitrio do titor/a e do Xefe de estudios.*

## **3. INCUMPRIMENTO DO DEBER DO ESTUDO POR PARTE DO ALUMNADO**

*O alumnado da ESO que acade resultados negativos en máis de tres materias nunha avaliación poderá ser sancionado mediante a obriga de realizar actividades ben dentro do horario lectivo ou fóra del.*

*Ao inicio de cada curso o equipo directivo proporá ao claustro a aprobación da organización das actividades.*

## 4. USO DAS INSTALACIÓNS E DEMAIS MEDIOS MATERIAIS

4.1. O coidado, respecto e limpeza de todo o recinto escolar é responsabilidade de toda a Comunidade Educativa. En consecuencia, prohíbese tirar papeis ou calquera outro desperdicio agás nas papeleiras e contedores destinados a tal fin.

4.2. Dentro das dependencias do Instituto está prohibido fumar.

4.3. Móbiles e aparellos electrónicos:

4.3.1. Os alumnos/as non poderán usar móbiles ou outros aparellos electrónicos:

- a) Nas aulas e nas clases sen permiso do profesor/a
- b) Nos corredores e nos baños da primeira e segunda planta
- c) Nos exames
- d) Na Biblioteca

4.3.2. Non se poderán facer fotografías nin gravacións:

- a) Nas clases sen permiso do profesor/a
- b) No resto do Centro sen permiso da Dirección

4.3.3. Nos exames, os profesores/as poderán recoller os móbiles, tablets, etc. mentres duren os mesmos.

4.4. Durante os recreos, o alumnado só poderá permanecer na planta baixa e recinto escolar exterior ( patio, pavillón, biblioteca, cafetaría ).

4.5. A **CAFETARÍA** é un espazo de uso común. A consumición de comidas e bebidas farase neste espazo ou nos espazos abertos, pero nunca nas aulas, corredores superiores e outras dependencias. Na cafetaría poderá xogarse ao xadrez, damas, parchís, etc.,.

### 4.6. BIBLIOTECA

4.6.1. A **BIBLIOTECA** é un lugar de traballo individual, e polo tanto, esixirase silencio no seu recinto e evitaranse actitudes que interfiran na concentración. O seu horario será cuberto, dentro do posible, na totalidade do horario lectivo. Mientras que o Centro non dispoña de persoal bibliotecario, fará esta función o profesorado que así completará o seu horario. Os libros de lectura son os únicos que poden ser obxecto de préstamo. O seu empréstito será rexistrado polo persoal de Biblioteca". A devolución terá un prazo de 15 días e se se precisa máis tempo deberá renovarse o préstamo. Cada mes farase un control dos libros non devoltos co fin de tomar as medidas sancionadoras



*oportunas. O extravío dun libro prestado comportará, a cargo do responsable, a súa reposición.*

*4.6.2. As enciclopedias e demais libros de consulta non poderán ser sacados do Instituto. Cando un libro sexa levado a unha aula para a súa consulta, será rexistrado igualmente.*

*4.6.3. Os ordenadores serán usados preferentemente para consultas e traballos académicos fronte o seu uso lúdico.*

**4.7. O PAVILLÓN DE DEPORTES.** Poderá ser utilizado cando non hai clases de Educación Física, cando non o está utilizando o profesorado e tamén durante os recreos debidamente controlados polo profesorado de garda de recreo. Está totalmente prohibido acceder ao Pavillón en horas de clase, salvo permiso expreso do profesorado de Educación Física.

**4.8. SALA DE PROFESORES/AS E DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS ANEXOS.** Tanto a sala como os Departamentos Didácticos anexos, son de uso exclusivo do profesorado. Está totalmente prohibido que o alumnado acceda a esta sala e menos áinda para a realización ou revisión de exames, agás se vai acompañado por un profesor ou profesora.

**4.9. CESIÓN DAS INSTALACIÓNS.** O Centro ten firmado un convenio de uso das instalacións do Pavillón co Concello fora do horario lectivo.

**4.10. En condicións extraordinarias e en base ás disposicións definidas polas autoridades competentes poderase reordenar o tipo de uso dos espazos do centro.**

## 5. NORMAS DE CONVIVENCIA

*As normas de convivencia establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.*

### 5.1. CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO

*a) No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.*

*b) No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa*

defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

c) O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requerimento previsto neste punto obriga a alumna/o requirida á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai, se a alumna/o que o porta for menor de idade, ou da propia alumna/o, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

## 5.2. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

a) Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante o transporte escolar.

b) Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.

c) As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento.

## 5.3. RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS

a) O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade

educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

b) Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conducta.

c) O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste punto é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

## **5.4. RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAIS**

As audiencias e comparecencias das nais e pais do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obligatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade.

## **5.5. PREVENCIÓN E TRATAMIENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR**

a) Acoso escolar. Para os efectos desta norma, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

b) Protección integral das vítimas.

1. A dirección, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacíons de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no

tratamento destas situacións.

2. A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

c) Medidas para a prevención, detección e tratamiento das situacións de acoso escolar.

Existe un protocolo xeral da Consellería de Educación de prevención, detección e tratamiento do acoso e ciberacoso escolar.

## 5.6. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR E MEDIDAS DE CORRECCIÓN

### 5.6.1. PRINCIPIOS XERAIS

1. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna/o corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

2. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

3. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagólica ás vítimas e ás persoas agresoras.

4. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

5. Ningunha alumna/o poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin,

para o caso da educación obligatoria, do seu dereito á escolaridade.

6. Non poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

7. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### **5.6.2. CLASES DE CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasíficanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberá pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

### **5.6.3. GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS**

Para a gradación das medidas correctoras tomanse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna/o, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

## **5.6.4. ÁMBITO DE CORRECCIÓN**

a) Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar, no ensino telemático ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

b). Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

## **5.6.5. ASPECTOS FORMAIS DOS PROCEDIMENTOS CORRECTORES**

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descripción da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, endereço e datos académicos da alumna/o incursa/o no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras
- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai do alumno/a, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen

*corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.*

*4. As citacións ás alumnas/os ou, se fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén ás persoas proxenitoras, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.*

*5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas/os ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.*

*6. As audiencias e comparecencias das nais e pais do alumnado menor de idade son obligatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela. Estas audiencias e comparecencias serán telemáticas cando se estea en situación de confinamento.*

*7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, ou á propia alumna/o se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.*

## **5.7. DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E DA SÚA CORRECCIÓN**

### **5.7.1. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

*Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:*

*a) As agresións físicas ou psíquicas, asinxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.*

*b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*

*c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao*

*persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.*

*d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.*

*e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.*

*f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.*

*g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.*

*h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro sexan estas presenciais ou telemáticas, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.*

*i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.*

*j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos cando é requirido para iso polo profesorado.*

*k) O mal uso de móbiles. O profesorado deberá requisar o aparello e entregalo en Xefatura. A gradación da sanción que poida levar esta Falta virá dada polo lugar e o uso que se faga do mesmo.*

*l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.*

*m) O incumprimento das sancións impostas.*

## **5.7.2. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS**

*As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:*

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro ou do Concello onde estea empadroado. Neste caso sempre de acordo co Concello e cos pais.

b) Suspensión do derecho a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do derecho de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do derecho de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

g) Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

h) O mal uso do móvil será corrixido coa incautación do mesmo por un período a determinar de acordo cos pais ou pola apertura dun expediente disciplinario coa sanción da perda de asistencia ó Centro por un período de 29 días como máximo.

### 5.7.3. APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no punto 5.7.2.

2. Unha alumna/o poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumplir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as

razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

## 5.8. DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DA SÚA CORRECCIÓN

### 5.8.1. CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión,inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase, sexa esta presencial ou telemática e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

### 5.8.2. MEDIDAS CORRECTORAS

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### 5.8.3. RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

A imposición das medidas correctoras de conductas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna/o, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do apartado 5.8.2.

b) O titor/a do alumno/a oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do apartado 5.8.2.

c) O xefe de estudos ou o Director, oídos a alumna/o, e o seu profesor/a ou titor/a, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do apartado 5.8.2.

d) O director do centro, oídos a alumna/o e o seu profesor/a ou titor/a, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do apartado 5.8.2. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

### 5.8.4. SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS

1. As alumnas/os ás/aoas cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conducta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do apartado 5.8.2. deste regulamento ou, de ser o caso, se fosen menores , as persoas proxenitoras destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito

dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no apartado 5.8.2. deste regulamento, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

## 5.8.5. REGULACIÓN DO USO DE TELÉFONOS E OUTROS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS

Tendo en conta o apartado 5.8.1. apartado e) destas NOF, segundo Decreto 8/2015 artigo 42 apartado e) e a Orde de 4 de xaneiro de 2024 no artigo 3 queda establecido para o IES Ramón Cabanillas as seguintes disposición sobre uso de teléfonos e outros dispositivos electrónicos.

a) Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos durante os períodos lectivos, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, incluíndo os períodos non lectivos. Non se permitirá durante a xornada escolar o emprego do teléfono móvil e dispositivos electrónicos. O alumnado poderá ter ditos dispositivos sempre que permanezan gardados e apagados durante todo o tempo; en caso de estar acesos (modo avión, en silencio) considerarase uso de ditos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos coas consecuencias oportunas.

b) Considérase, a efectos de norma, como período non lectivo os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvimento de actividades complementarias e extraescolares.

c) O profesorado na súa liberdade de cátedra e desenvolvimento académico pode autorizar e utilizar os dispositivos electrónicos e teléfonos móbiles como ferramenta pedagólica. Sempre baixo responsabilidade e supervisión de dito profesorado. O profesorado informará previamente ao alumnado do uso excepcional de dito uso. No caso de EDIXGAL só poderá usarse no horario lectivo, quedando os dispositivos gardados durante os períodos non lectivos.

d) No caso de cuestiós de oportunidade ou necesidade, médica ou de outra índole, debidamente xustificados con informes ou certificados serán unha excepción motivada que debe ser autorizada pola dirección do centro expresamente e por escrito. En caso de non ser posible a autorización de dirección pode ser autorizada excepcional e temporalmente polo profesorado presente.

e) Dita prohibición de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos é para todo o alumnado matriculado na ESO e Bacharelato independentemente da súa idade. O alumnado de formación profesional de grao superior poderán ter ditos dispositivos electrónicos e teléfonos móbiles sempre que o autoricen o profesorado de formación profesional e baixo responsabilidade destes.

f) Considéransen dispositivos electrónicos todo aquel aparello de telecomunicacións utilizado en conexión directa ou indirecta con telefonía móvil (reloxos intelixentes, conexión vía bluetooth ou wifi de dispositivos de son ou vídeo...); ordenadores persoais, tablets... calquera dispositivo de comunicación e información en rede;... así como calquera dispositivo que o profesorado considere que vulnere dita Orde de 4 de xaneiro de 2024.

g) Uso restrinxido en actividades complementarias e extraescolares. O uso de teléfonos móbiles pode ser autorizado durante actividades complementarias e extraescolares pola propia natureza da actividade polo profesorado participante. No caso de saídas de varios días (viaxes...), o alumnado está autorizado a usar teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos sempre que respecten a normas que establece o profesorado acompañante, os responsables da actividade ou as normas establecidas nos lugares, cidades, museos, xacementos... que sexan obxecto da visita.

h) O incumprimento dos puntos anteriores será considerado conduta leve contraria á convivencia segundo o artigo 5.8.1 destas NOF e do artigo 42 do Decreto 8/2015. Tendo como medidas correctoras calquera das establecidas no artigo 5.8.2 destas NOF e do artigo 43 do Decreto 8/2015.

i) O incumprimento reiterado, a gravación de imaxe ou vídeo no centro ou en calquera actividade complementaria ou extraescolares, a utilización de teléfonos móbiles ou dispositivos para copiar ou alterar probas ou tarefas de avaliación; ou a desobediencia dunha orde directa sobre ditos teléfonos móbiles ou dispositivos considerarase como conduta gravemente prexudicial para a convivencia segundo o artigo 5.7.1. destas NOF e do artigo 38 do Decreto 8/2015. Tendo como medida correctora calquera das establecidas no artigo 5.7.2. destas NOF e do artigo 39 do Decreto 8/2015.

j) Calquera outra situación ou circunstancia non contemplada quedará a consideración do profesorado responsable a forma de actuar e as consecuencias para ao alumnado. En todo caso, terá a última responsabilidade a dirección do centro segundo establecen estas NOF e o Decreto 8/2015.

## 5.9. PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

### 5.9.1. PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

a) A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e correspónelle á dirección do centro decidir a instrución da conduta que se vaia corrixir.

b) A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

c) No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

### 5.9.2. DETERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CORRECCIÓN

a) A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

b) A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

c) Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercuísons que a conduta da alumna/o puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do derecho de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

d) Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso. Sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna/o e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

### 5.9.3. INICIO DO PROCEDIMENTO DE CORRECCIÓN

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conducta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna/o ou de ser menor, ás persoas proxenitoras desta/e.

2. A dirección do centro designará unha persoa docente para que actúe como instrutor/a do procedemento corrector.

### 5.9.4. PRESCRICIÓN DE CONDUTAS E DE CORRECCÍONS

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste regulamento, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conducta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conducta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conducta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

## 5.10. FALTAS DE ASISTENCIA, PUNTUALIDADE E DE COMPORTAMENTO

Consideraranse ***condutas contrarias ás normas de convivencia:***

1. A acumulación de faltas de asistencia sen xustificar, tanto no ensino presencial como telemático.
2. A acumulación de faltas de puntualidade sen xustificar, tanto no ensino presencial como telemático.
3. A acumulación de faltas de comportamento.

### 5.10.1. ACUMULACIÓN DE FALTAS DE ASISTENCIA NON XUSTIFICADAS E DE PUNTUALIDADE

A acumulación de **Tres Faltas de Puntualidade** sen xustificar terá a consideración dunha falta de asistencia que non poderá ser xustificada.

A acumulación de **DÚAS FALTAS DE ASISTENCIA** sen xustificar ten a consideración dunha **conduta leve contraria á convivencia** que deberá ser comunicada polo Titor/a á Xefatura de Estudos para que envíe aos pais ou titores legais a notificación desta falta, que levará aparellada as seguintes correccións:

<b>Unha conducta leve:</b>	<b><i>Expulsión de 1 días .</i></b>
<b>Dúas condutas leves:</b>	<b><i>Expulsión de 3 días .</i></b>
<b>Tres condutas leves:</b>	<b><i>Conduta grave (Instrucción)</i></b>

Só a efectos de sanción, considerarase que é unha falta de puntualidade ou é unha falta de asistencia sen xustificar, independentemente se é a unha clase ou a máis dentro do mesmo día.

Nestes casos, os titores e titoras, deberanllas comunicar aos pais/nais do alumno/a. Na comunicación solicitaráselle aos pais que se presenten no Instituto ou establezan unha conexión telemática nas horas de tutoría, co fin de tomar as medidas oportunas.

### 5.10.2. FALTAS LEVES DE COMPORTAMENTO

Terán o carácter de **Faltas Leves de Comportamento:**

Calquera actoinxustificado que perturbe o normal desenrolo das actividades do Centro.



a) A **falta leve de comportamento** que reciba un alumno ou alumna deberá ser notificada polo profesor ou profesora correspondente ao titor ou titora, quen procederá a informar desta circunstancia de xeito inmediato (por teléfono) aos pais, nais ou titores legais do alumno/a. De non ser posible contactar con eles, enviarase a notificación por escrito e con acuse de recibo.

b) No caso dunha chamada de atención na clase, que sexa motivo de **FALTA LEVE DE COMPORTAMENTO**, o profesor ou profesora poderán enviar ao alumno/a á Xefatura de Estudos ou, na súa ausencia, ao Directivo que se atope no Centro para que sexa escoitado por este. Unha vez escoitadas as explicacións, o alumno deberá integrarse á clase. O profesor/a unha vez rematada a súa clase tomará a decisión de anotar -ou non- a correspondente **FALTA LEVE** que deberá asinar no Libro de Incidencias e comunicar este feito ao titor/titora para que asine tamén xunto co alumno/a e comunique telefonicamente esta falta á familia indicando que deberán pasar polo Centro para asinar a falta do seu fillo/a.

c) Calquera sanción, notificación ou corrección que se lle aplique ao alumnado fóra do ámbito da clase será consensuada co titor ou titora, que será informado/a antes de que sexa tomada calquera tipo de medida (chamada aos pais, sancións, etc.)

### 5.10.3. ACUMULACIÓN DE FALTAS LEVES DE COMPORTAMENTO

A acumulación de **tres faltas leves de comportamento** implica unha **conducta leve contraria á convivencia** da que o titor/a dará conta á Xefatura de Estudos, quen por escrito notificará aos pais, nais do alumno/a a corrección correspondente a esa falta.

### 5.10.4. CORRECCIÓN POR ACUMULACIÓN DE FALTAS DE COMPORTAMENTO QUE IMPLICAN A "SUSPENSIÓN DO DEREITO DE ASISTENCIA ÁS CLASES"

Unha conducta leve:	<i>Expulsión de ata 3 días.</i>
Dúas conductas leves:	<i>Expulsión de 3 días.</i>
Tres conductas leves:	<i>Conducta grave (Instrucción).</i>

## 6. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

a. Os Departamentos deberán presentar a principio de curso unha programación das actividades extraescolares previstas. Isto non impedirá que poidan propoñer algunha actividade ao longo do curso, que polas circunstancias do seu interese e oportunidade non figuraban dentro da programación.

b. A Comisión Económica do Consello Escolar considerará a subvención daquelas actividades que se atopen reflectidas na Memoria ou Proxecto Didáctico dos diferentes Seminarios. Outro tipo de actividades extraescolares puntuais serán consideradas sempre que participen nelas unha maioría suficiente do alumnado.

c. Os alumnos/as que participen en actividades extraescolares, visitas, etc..., ateranse ás normas ditadas polos profesores/as acompañantes, tanto no referente á hora de saída e de retorno, como en todo o relativo ao desenvolvimento da actividade. Nin o profesorado acompañante nin o propio Centro terán responsabilidade algunha das actuacións individuais á marxe das normas ditadas nin das consecuencias derivadas da toma de decisións debido a situacións imprevistas ou adversas.

d. Así mesmo poderá esixirse un depósito previo a todo aquel que se anote nas actividades programadas.

e. Poderase prohibir a participación nas excursións e actividades extraescolares organizadas polo Centro a aqueles alumnos ou alumnas que manteñan un comportamento non adecuado a xuízo do profesorado encargado da actividade e previa consulta co titor/a correspondente.

f. Procurarase informar con suficiente antelación ao profesorado implicado ou afectado polo desenvolvimento das actividades, facilitando un listado do alumnado que vai participar nas mesmas.

g. Procurarase –salvo excepcións debidamente argumentadas– non facer actividades extraescolares nos meses de maio e xuño que supoñan a perda de horas lectivas.

h. Naqueles grupos onde como mínimo non participe un 50% do alumnado na actividade, deberán ter clase con total normalidade. Tratándose de grupos da ESO, a asistencia ás actividades deberá ser total.

i. Na intención de interferir o menos posible no bo ritmo escolar, poderanse consensuar as



*datas de realización destas actividades, tendo en conta o calendario escolar dos centros implicados,*

*j. As viaxes de fin de estudos axustaranse á normativa seguinte:*

- *O Vicedirector será o encargado de coordinar a organización destas viaxes, xa que forman parte das actividades extraescolares do Centro.*
- *Só participará o alumnado do derradeiro curso de cada modalidade de ensino.*
- *Será precisa a participación de polo menos o 50% do alumnado ao que se refire o apartado anterior. Esta porcentaxe poderá ser modificada polo Consello Escolar.*
- *Subscribirase unha póliza de responsabilidade civil.*
- *O alumnado irá acompañado do número de profesores/as que sinala a Lei e que serán coordinadores e directores da viaxe.*
- *O proxecto da viaxe será aprobado polo Consello Escolar.*
- *A viaxe organizarase tendo en conta a integración de contidos culturais, científicos e lúdicos.*
- *O financiamento da viaxe será colectivo e solidario entre os participantes.*
- *As datas da viaxe serán despois dos exames de xuño ou a semana anterior a Semana Santa, coa correspondente autorización oficial.*
- *O alumnado que cause baixa deberá asumir os gastos de cancelación e/ou xestión que se teñan producido até o momento no que comunique a súa baixa na viaxe.*